# Documento técnico

Galego

## 1. - Requisitos:

Para a execución desta Unidade Didáctica unicamente é necesario un ordenador cun navegador web que cumpra os últimos estándares como mozilla firefox, chrome, chromium, opera ou safari, con javascript activado. O sistema operativo é indiferente e a resolución mínima da pantalla ha de ser 1024 x 768 pixeis.

A conexión a internet unicamente é necesaria se queremos visitar os enlaces propostos nalgún apartado, o resto da Unidade é totalmente operativa aínda que non exista esa conexión.

## 2. - Instalación e posta en marcha:

Pode optar por dúas formas:

**2.1. - Local:** Con tan só copiar a carpeta na que se atopan todos os ficheiros da Unidade a un lugar do seu ordenador, se a Unidade a obtivo nun ficheiro zip, evidentemente debe de descomprimir todo o seu contido. Nesa carpeta atopará un ficheiro chamado "index.htm ", faga dobre-clic nel e o navegador do seu ordenador debería de abrirse coa Unidade.

Aínda que é totalmente operativa, esta forma non é a máis recomendada para o traballo nunha aula xa que tería que copiar esta carpeta en cada un das computadoras que utilice o alumnado.

**NOTA: Usuarios/as de Google Chrome e Opera:** Para a visión completa da unidade neste navegador en local, debe de estar aberto cos permisos de acceso a arquivos e directorios para elo debe de ser executado cos parámetros " --allow-file-access-from-files " (sen as comiñas). Esto **so é necesario para a súa execución en local.**

**2.2. - Servidor web:** En calquera das súas posibilidades, dentro dunha intranet (servidor de contidos do centro) así como en internet, o proceso é moi simple, deberá de copiar ou subir por FTP a carpeta da Unidade ao servidor unha vez alí estaría lista para ser accedida dende calquera ordenador conectado á rede, con tan só escribir na dirección algo como "http://www.suservidor.com/aLuz" onde "aLuz" é o nome da carpeta que subiu ao servidor. **Esta é a opción máis recomendada**.